

ORDENADOR RECICLADO

Sabemos que vos encanta iso de facer ordenadores con folios para xogar con eles así que..., por que non facedes un que aguante un pouquiño máis? Imos alá



Colle unha caixa de cartón (pode ser perfectamente unha caixa de zapatos). Aproveita a solapa para facer as dúas partes do ordenador.

Constrúe o teclado. Fíxate no teclado do teu ordenador ou, no seu defecto, no do móbil para saber onde vai cada tecla. Podes utilizar cartón, folios ou calquera outra cousa que teñas na casa.

Fai un debuxo para pegar na pantalla, ou busca algo pola casa que poidas pegar.

Fai tamén o rato se che gusta.

En que oficios se utiliza o ordenador?

